CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico		
CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico		
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina		
CA4.4 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua latina. - Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos. - Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos. - Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática. - Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - Regras fonéticas na evolución do latín ás linguas de ensino. - Léxico: <ul style="list-style-type: none"> - Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina. - Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos.

Contidos

- O significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- A lingua latina como principal vía de transmisión do mundo clásico.
- Principais xéneros da literatura latina: orixe, tipoloxía, cronoloxía, temas, motivos, tradicións, características e principais autores.
- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios latinos.
- Recepción da literatura latina: influencia na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.
- Analogías e diferenzas entre os xéneros literarios latinos e os da literatura actual.
- Introducción á crítica literaria.
- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.
- A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas.
- Técnicas de debate e de exposición oral.

UD	Título da UD	Duración
5	O TEATRO: PLAUTO	24

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais	PE	75
CA1.2 - Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	Seleccionar o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	Realizar a lectura directa de textos latinos de dificultade adecuada identificando as unidades lingüísticas máis frecuentes da lingua latina		
CA1.8 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata a lingua de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente		
CA1.9 - Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Analizar, interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade		
CA2.2 - Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente que se produciron tanto desde o latín culto como desde o latín vulgar ata as linguas de ensino, servíndose cando sexa posible da comparación con outras linguas do seu repertorio propio.	Explicar cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos de complexidade crecente		
CA3.1 - Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade, aplicando estratexias de análise e reflexión que impliquen espertar o espírito crítico, mobilizar a propia experiencia, comprender o mundo e a condición humana e desenvolver a sensibilidade estética e o hábito lector.	Interpretar e comentar textos e fragmentos literarios de diversa índole de crecente complexidade,		
CA3.2 - Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios latinos comparándoos con obras ou fragmentos literarios posteriores, desde un enfoque intertextual.	Analizar e explicar os xéneros, temas, tópicos e valores éticos ou estéticos de obras ou fragmentos literarios latinos		
CA1.3 - Revisar e emendar as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Revisar e emendar as propias traducións realizando propostas de mellora		
CA1.5 - Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina, seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, realizando actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación.	Rexistrar os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua latina	TI	25
CA1.6 - Extraer, analizar e reflectir oralmente ou, preferentemente, por escrito e, de poder ser, en latín, mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.	Extraer, analizar e reflectir mediante paráfrases simples, as ideas principais dos textos obxecto de traballo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos obxecto de traballo, coa finalidade de facilitar a súa comprensión integral.	Planificar e participar, en diálogos breves e sinxelos sobre os contidos dos textos		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición		
CA2.3 - Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Explicar a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina		
CA2.4 - Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	Analizar criticamente prexuízos e estereotipos lingüísticos		
CA2.5 - Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos nos que se partise da civilización e cultura latina como fonte de inspiración.	Crear textos individuais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo		
CA3.3 - Identificar e definir palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina e cuxa aprendizaxe combina coñecementos léxicos e culturais, en textos de diferentes formatos.	Identificar e definir palabras latinas que designan conceptos fundamentais para o estudo e comprensión da civilización latina		
CA3.4 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico		
CA4.1 - Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico localizando, seleccionando, contrastando e reelaborando información procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia e respectando os principios de rigor e propiedade intelectual.	Investigar aspectos do legado da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico		
CA4.2 - Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración, analizando producións culturais e artísticas posteriores.	Identificar e explicar o legado material e inmaterial da civilización latina como fonte de inspiración		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, actuando de forma adecuada, empática e respectuosa e interesándose polos procesos de construción, preservación, conservación e restauración e por aquelas actitudes cívicas que aseguran a súa sostibilidade.	Investigar o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina		
CA4.4 - Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado aplicando os coñecementos adquiridos e reflexionando sobre as implicacións dos seus distintos usos, dando exemplos da persistencia da Antigüidade clásica na súa vida cotiá e presentando os seus resultados a través de diferentes soportes.	Explorar as pegadas da romanización e o legado romano na contorna do alumnado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Lectura comparada de diferentes traducións e comentario de textos bilingües a partir de terminoloxía metalingüística. - Recursos estilísticos frecuentes e a súa relación co contido do texto. - Estratexias de retroversión de textos breves. Afondamento no uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua latina. - Estratexias para a planificación e produción de textos orais ou, preferentemente, escritos. - Funcións comunicativas adecuadas aos textos obxecto de traballo: reformular e/ou resumir textos escritos. - Léxico común nos textos e autores obxecto de traballo, así como fraseoloxía básica para a expresión oral en latín de preguntas básicas sobre o contido do texto e/ou a gramática. - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - Regras fonéticas na evolución do latín ás linguas de ensino. - Léxico:

Contidos

- Lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina presentes no léxico de uso común e no específico das ciencias e a técnica.
- Significado e definición de palabras de uso común nas linguas de ensino a partir dos seus étimos de orixe latina.
- O significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación.
- O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances.
- Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.
- Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes de latín no ámbito transnacional.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- A lingua latina como principal vía de transmisión do mundo clásico.
- Principais xéneros da literatura latina: orixe, tipoloxía, cronoloxía, temas, motivos, tradicións, características e principais autores.
- Técnicas para o comentario e análise lingüística e literaria dos textos literarios latinos.
- Recepción da literatura latina: influencia na produción cultural europea, nocións básicas de intertextualidade, imitatio, aemulatio, interpretatio, allusio.
- Analoxías e diferenzas entre os xéneros literarios latinos e os da literatura actual.
- Introducción á crítica literaria.
- A literatura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio.
- A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas.
- Técnicas de debate e de exposición oral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Principios metodolóxicos

Procurarase un tipo de estudo que permita ao alumnado descubrir as posibilidades que ofrece a lectura de textos como fonte de información sobre a antigüidade clásica, textos que proporcionan un punto de partida para o fomento da expresividade e da creatividade. É preciso tamén contribuír á reflexión sistemática sobre a linguaxe co fin de mellorar e enriquecer a súa capacidade comunicativa. Dados o carácter integral da materia e a unidade entre lingua e cultura ensinaranse simultaneamente nos distintos trimestres e unidades didácticas contidos morfolóxicos, sintácticos, léxicos e culturais.

Estes eidos temáticos han de percibirse como un todo unitario e non como parcelas illadas dun saber, o que contribuír á que as clases sexan máis dinámicas e os alumnos estean máis motivados. Ademais, procurarase unha complexidade progresiva dos argumentos e unha diversidade temática, xa que, ao mesmo tempo que á lingua, á cultura e á literatura, atenderase tamén á relixión, á ciencia, á arte, á política, á sociedade, etc. O tipo de aprendizaxe que se persegue é o significativo e autónomo, polo seu gran potencial para a retención do aprendido e para a súa aplicación.

Con el favorécese a maduración do alumno e refórzase a aprendizaxe, xa que esixe moito tempo e atención específica e implica a mobilización dos coñecementos previos e a memorización comprensiva.

Neste sentido cobra importancia a analoxía como procedemento que, a través de relacións e comparacións,

permite comprobar se determinados elementos (morfolóxicos, sintácticos, léxicos, culturais, etc.) aparecen noutras linguas e culturas. Deste xeito, faranse con moita frecuencia referencias ao castelán, ao galego e a outras linguas e culturas coñecidas polos alumnos para estudar se se atopan nelas estruturas paralelas. Será o alumno o que execute a tarefa de buscar esas analogías e atopar as diferenzas. Un papel fundamental nos procesos educativos actuais xóga a capacidade do profesor para motivar. Debemos enriquecer os mecanismos de interacción na aula e non monopolizar a acción educativa, deixando de lado as antigas leccións maxistras. Xerar empatías, espertar curiosidade, facer referencias a temas actuais, potenciar a creatividade e a educación, estimular sentimentos son accións que nos axudarán a conseguir este obxectivo. Isto pode poñerse en práctica formulando preguntas ao alumnado, establecendo debates e coloquios, confrontando ideas e hipóteses, presentando mapas e transparencias, etc. A contribución ao reforzo da autoestima e do autoconcepto pola súa parte será notable. Importancia con relación a este aspecto teñen tamén a avaliación formativa e a aprendizaxe indutiva, no sentido de que permiten recoñecer erros e aprender deles. É importante que o estudante saiba autoavaliarse, o que lle servirá para controlar por si mesmo o seu proceso de aprendizaxe.

Estratexias para alcanzar os estándares de aprendizaxe

Tratamos de establecer eses vínculos substantivos e non arbitrarios entre os novos contidos que van a aprender e os que xa saben.

A aprendizaxe da materia de Latín vai integrarse dentro da chamada aprendizaxe significativa, e tódolos esforzos do profesor van encamiñados a que se apliquen na aula estes principios, referidos ás experiencias -coñecementos previos que serán revisados, completados, actualizados ou corrixiados, en función do progreso real do alumno, no seu nivel de formación e adquisición de destrezas para afrontar con éxito o estudo da materia.

Poñeremos tamén especial atención na motivación do alumno/a, sen facer excesivas ou demasiado complexas as tarefas de aprendizaxe do Latín, que dende o principio será pensada coa coherencia debida tanto lóxica coma psicolóxica.

Trataremos de potenciar no/a alumno/a as tarefas individuais ou colectivas que se encamiñen á funcionalidade, para que estes novos contidos, adquiridos coa intervención do profesor, poidan ser utilizados en outras situacións diferentes dada a conexión entre estruturas lingüísticas e de pensamento.

Nesta liña de aprendizaxe significativa e funcional intensificaremos os procesos de memorización comprensiva que faga ós alumnos asimilar e codificar na súa memoria toda esta nova aprendizaxe.

Todos os contidos non se aprenden segundo os mesmos esquemas. Por iso nin as actividades de ensinanza nin as técnicas de avaliación van ser as mesmas. Propoñemos a memorización por repetición nos casos en que os feitos e os datos precisen desta práctica. Para a aprendizaxe dos conceptos, partiremos da comprensión inicial do concepto e, a partir de aí, trátase de que gradualmente o alumno chegue a unha comprensión máis profunda e máis ampla de ditos conceptos. Así que á vez que desenrolan a súa capacidade mental, van utilizando como base os coñecementos previos e a experiencia de aprendizaxes anteriores.

En canto á tradución de textos tratarase de que o hábito sexa adquirido polos alumnos, coa axuda e guía oportuna, a partir da presentación do modelo e logo de explicar os pasos a seguir coas accións ou secuencias de acción necesarias. E así ata que cheguen a automatizar dito procedemento. Dando por suposto que a aprendizaxe deste hábito vaise conseguindo de modo progresivo, é por medio da exercitación cando se vai facendo tamén máis funcional e cando se pode aplicar de modo eficaz a situacións novas e máis complexas.

A aplicación metodolóxica práctica a cada tema contará basicamente cos seguintes pasos:

1.- Como actividades de introdución, motivación e coñecementos previos:

- Coñecemento por parte do alumno dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, etc., da unidade didáctica, co fin de que saiba por onde se move e que sentido teñen as actividades que se propoñen.
- Introducción motivadora por parte do profesor, onde se sinalen os elementos máis atractivos, por actuais e interdisciplinares, do tema que se vai tratar.
- Debate e actividade pregunta-resposta sobre o tema introducido polo profesor, co fin de facilitar unha idea precisa de onde se parte.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos na lingua propia do alumno.

2.- Como actividades de desenrolo inclúense:

- Lectura e comentario de textos traducidos.
- Lectura comprensiva do tema de cultura.
- Resolución do apartado "recorda, investiga, debate".
- Resolución dos exercicios de léxico.
- Resolución dos exercicios sobre aspectos morfosintácticos e tradución de oracións con aplicación dos mesmos.
- Tradución dos textos propostos, con análises do vocabulario, relacións gramaticais, illamento de oracións,

recoñecemento das formas gramaticais e das relacións sintácticas das mesmas.

- Selección, comentario e aprendizaxe do vocabulario máis frecuente e de cadros gramaticais que deben memorizar os alumnos, reducidos a contidos mínimos.

3.- Actividades de síntese e resumo:

- Análise e comentario do texto: comentario gramatical completo do texto traducido, e relacións existentes entre tódalas partes e apartados do texto.

- Visualización da materia lingüística e cultural incluída en cada unidade mediante gráficos, paradigmas, esquemas, mapas, etc.

4.- Actividades de consolidación, recuperación e ampliación:

- Ó final realizaranse actividades sobre os catro apartados en que se estrutura cada unidade: Legado, Léxico, Lingua e Textos partindo dun texto. A finalidade é afianzar os contidos lingüísticos, culturais e léxicos traballados na unidade; atender a aqueles alumnos que teñan problemas na asimilación dos diversos contidos; e profundar en diversos temas presentes no texto por parte daqueles alumnos coa adquisición óptima dos obxectivos.

5.- Actividades de avaliación:

Realizaranse probas orais ou escritas co fin de analizar a consecución ou non dos obxectivos propostos ós alumnos ó principio de cada unidade.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

¿ Empregaranse os libros de texto, Latín I e II, ed. Santillana, Oxford e Rodeira, como guía e punto de partida.

¿ Empregarase o dicionario Vox, Latino-Español, Español-Latino.

¿ Elementos auxiliares de mapas, esquemas e imaxes presentados na aula a través dun portátil e un proxector.

¿ As lecturas dos autores de literatura latina mencionados nos contidos:

- Tito Livio. Lectura: “A violación de Lucrecia” de Ab urbe condita.

- Cicerón. Lectura: Fragmento da primeira Catilinaria.

- Virxilio, selecta de textos da Eneida.

- Ovidio. Lectura: Metamorfoses: “Apolo e Dafne”, “Deucalión e Pirra” e “Píramo e Tisbe”.

- Horacio, selecta de poemas das Odas e dos Epodos.

- Catulo. Lectura: Carmina: “Poemas a Lesbía”.

- Plauto. Lectura: A comedia a cuxa representación se acuda no Festival de teatro grecolatino .

¿ Manuais de exercicios de reforzo de etimoloxías grecolatinas (Manual de etimoloxías grecolatinas, Heriberto Camacho y otros. Edit. Noriega; Etimoloxías latinas del español, Agustín Mateos. Edit. Esfinge).

¿ Equipos auxiliares de reprografía, proxección ou audición.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O alumnado ten que ter coñecementos previos de lingua galega ou castelá necesarios para poder comprender os elementos da morfoloxía e sintaxe e tradución necesarios para afrontar o estudo do Latín II, referidos sobre todo ásintaxe. Por iso, antes de comezar unha lección nova de morfoloxía ou sintaxe, o profesor ten que facer unha entrevista a cada alumno para saber os coñecementos que ten, en galego ou castelán, sobre o tema a tratar, co fin de asentar firmemente os coñecementos que se pretenden adquirir. Esta entrevista será oral e non sobrepasará os cinco minutos iniciais. No bloque de literatura e no bloque de léxico (aforismos) non hai coñecementos previos, xa que é materia nova para o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	20	20	20	100
Proba escrita	75	75	75	75	75	75
Táboa de indicadores	25	25	25	25	25	25

Crterios de cualificación:

- Exames e probas escritas.....75 %
 - Cada proba valorarase de 0 a 10 e constará de preguntas prácticas de:
 - Tradución dun texto clásico adecuado..... 4 puntos
 - Análise morfosintáctico 1 punto
 - Literatura Latina 2,5 puntos
 - Léxico latino (Topónimos e Latinismos) e formación de palabras (derivación e composición) 2,5 puntos
 - Séguense os criterios de cualificación do modelo actual de cualificación das ABAU
 - Realizaranse dous exames parciais por trimestre que farán media ao 50%
- Actividades realizadas na casa e traballos entregados..... 15%

Valoraranse de 0 a 10 puntos que os alumnos teñan todas as actividades feitas e corrixidas, as lecturas dos temas de literatura rematadas e os traballos de cada trimestre entregados dentro do prazo.
- Actividades realizadas na aula e probas orais 10%
 - Valoraranse de 0 a 10 puntos as prácticas feitas na aula, tendo en conta a atención e a ansia por saber facer así como a participación nas intervencións orais, procurando que todo o alumnado o faga ao longo do trimestre.
 - A avaliación será continua, isto é, a nota final do curso será calculada seguindo as seguintes porcentaxes: 1º trimestre: 20%, 2º trimestre: 30%; 3º trimestre: 50%. Tras o resultado do primeiro trimestre, poderán efectuarse cambios na baremación e no número de exames por avaliación, sempre en función da dinámica da clase e informando previamente ao alumnado dos mesmos.

CUALIFICACIÓN FINAL

Dado que a avaliación é continua é progresiva, a cualificación final corresponderase ca da terceira avaliación/ordinaria, sempre que esta sexa positiva. Os alumnos que non teñan aprobada a avaliación ordinaria deberán presentarse a unha proba global extraordinaria moi similar á proba da avaliación ordinaria.

Crterios de recuperación:

Os alumnos que non teñan aprobada a avaliación ordinaria deberán presentarse a unha proba global extraordinaria moi similar á proba da avaliación ordinaria.

PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN FINAL

Neste curso a materia redúcese á tradución de textos, morfoloxía e sintaxe, literatura e léxico. Para aprobar a materia, o alumnado debe ter cualificacións positivas nos catro apartados. Os apartados de literatura e léxico adoitan resultarlles fáciles. Por iso, de teren aprobados algún ou os dous na avaliación ordinaria, quedaríanlles aprobados definitivamente, e a avaliación extraordinaria só se faría sobre os apartados de tradución e morfosintaxe. Constaría dunha proba escrita na que se aplicarían os mesmos criterios de cualificación que na avaliación ordinaria.

Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC

Aplicaremos a metodoloxía empregada ao longo do curso, pero no caso do alumnado que precise apoio e reforzo farémolo de xeito máis personalizado e enfocado a superación da avaliación extraordinaria, atendendo as necesidades máis específicas de cada estudante.

Actividades tipo: repaso das actividades realizadas ao longo do curso en relación aos contidos mínimos. Fichas de reforzo e textos escollidos para preparar a proba extraordinaria.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO ANTE UNHA RECLAMACIÓN DE NOTA FINAL

Con independencia do nivel do que se trate, este departamento considera necesario fixar uns criterios de actuación ante unha posible reclamación de nota final. A actuación do departamento responderá ao seguinte procedemento:

1. Estudo da(s) causa(s) alegada(s) de reclamación. Comprobación de que se respectaron os prazos de presentación.

2. Análise das cualificacións emitidas.
3. Valoración dos traballos (se fose o caso) e das probas obxectivas realizadas polo alumno/a.
4. Comprobación de que os contidos se axustan á programación.
5. Comprobación da correcta aplicación dos criterios de cualificación e corrección.
6. Emisión de informe/ditame do departamento sobre a reclamación, ratificando ou rectificando a nota outorgada.
7. Recollida en acta dos puntos esenciais do procedemento de actuación e dos seus resultados.

6. Medidas de atención á diversidade

PROCEDEMENTO PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN FINAL

Establecer unha avaliación inicial, que se poida facer conxuntamente, en caso necesario, co departamento de orientación do centro, que mostre o nivel de coñecementos de cada alumno e a súa madurez intelectual. Concretamente trataranse de precisar os seguintes extremos:

- capacidade lectora comprensiva de textos que presenten distintos temas.
- competencia lingüística verbal e escrita (corrección sintáctica e ortográfica e amplitude de vocabulario).
- comprensión de fenómenos históricos universais e grao de erudición sobre eles.

A quen manifeste un grao especialmente elevado de coñecementos e madurez intelectual, procurarase atender individualmente proporcionándolles textos máis complexos. Na aula manteríase con eles o mesmo tipo de relación que co resto do alumnado.

A quen manifeste un grao particularmente notable de atraso fronte ao grupo, pero que sexa posible, nos primeiros meses do grupo, poñerse ao mesmo nivel cos demais, variaráselles ao principio a intensidade do programa mediante:

- Redución e simplificación dos textos de lectura e comentario.
- Avaliar frecuentemente o proceso de recuperación das diferenzas que padecen con respecto ao grupo; se non se reducen, acordar medidas compensatorias co equipo de orientación do centro.
- Se fora pertinente procurar que se tomen na aula as medidas precisas para adaptar o espazo físico a persoas con algunha discapacidade.

Hai que ter en conta que podemos atopar alumnos con necesidades educativas especiais, entendéndose por tales as de tipo temporal ou permanente que estean asociadas á historia persoal e escolar, ou debidas tanto a condicións de sobredotación intelectual coma a calquera discapacidade ou a situacións sociais ou culturais desfavorecidas, que pola súa especificidade supoñan diferenzas significativas non acceso ordinario ou currículo e, polo tanto, requiran de apoios e atencións educativas específicas. Neste caso recurrirase ao apoio e asesoramento do Departamento de Orientación do centro, que será quen determine se será necesario adoptar medidas de atención a diversidade específicas, tales como reforzo educativo ou adaptación curricular segundo o disposto na Orde de 6 de outubro de 1995 que regula as A.C. no Bacharelato. O mesmo cabe dicir no suposto de alumnos procedentes da inmigración (Orde do 20 de febreiro do 2004 que establece as medidas de atención ao alumnado estranxeiro)

A optatividade: xa sexa polos distintos intereses formativos do alumnado ou pola súa anterior formación (alumnado que non cursou cultura clásica, que o cursara en 3º e 4º e o que só o fixo nun curso da ESO, alumnos que non cursaran Latín I en 1º de Bacharelato).

MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO PARA O ALUMNADO QUE NON RESPONDA GLOBALMENTE AOS OBXECTIVOS PROGRAMADOS

Con carácter xeral a ensinanza debe ter unha natureza individualizada, que tome en consideración o punto de partida de cada alumno, traballando na medida do posíbel de xeito particular sobre a súa motivación, os seus intereses e as súas capacidades de aprendizaxe. Neste sentido débese prestar atención especial ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. De xeito ordinario adoptaranse unha serie de medidas encamiñadas a previr ou compensar dificultades leves mediante a adecuación do currículo vixente, sen alterar ningún dos seus elementos prescritivos, co fin de que a diversidade do alumnado acade as capacidades establecidas nos obxectivos do nivel. Neste sentido tomaranse medidas como:

- Concreción e disposición secuencial de obxectivos.
- Organización de contidos en eidos integradores.
- Equilibrio dos contidos.
- Metodoloxías que favorezan a participación de todo o alumnado: aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe seguida de cerca polo titor, maior participación, combinación de actividades (individual, por grupos, exposición, investigación, etc.), aprendizaxe autónoma, etc.
- Diversificar procedementos de avaliación.
- Reforzar valores e determinadas capacidades de tipo afectivo.

- A titoría como medida ordinaria de atención á diversidade.
- Reunións periódicas do equipo docente. Seguimento de casos e intervención cando a situación o aconselle.
- Outras medidas: ampliación e afondamento, recuperación, reforzo, adaptacións, etc.
- Uso de diferentes recursos.

É posible que polas circunstancias persoais, sociais ou culturais dalgún alumno ou alumna sexa necesaria unha adaptación curricular significativa, o que implicará modificacións de elementos de prescrición do currículo como os obxectivos, contidos ou criterios de avaliación, aínda que esta medida só se tomará despois de explotar todas as posibilidades ordinarias. A adopción deste proceder será autorizada por Inspección Educativa e tras este paso decidirse que elementos do currículo deberán ser modificados. Nestes casos, a avaliación axustarase aos criterios individualizados establecidos na adaptación curricular, tendo sempre como referente os obxectivos da etapa á hora da promoción. Estas medidas poderanse tomar nos seguintes casos, aínda que polo momento non se detectou ningún nas materias adscritas a este Departamento:

- Alumnos con altas capacidades intelectuais.
- Alumnos con necesidades educativas especiais.
- Alumnos con integración tardía no sistema educativo.

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe, o departamento preparará e entregarlles un material de apoio para traballar durante os fins de semana e períodos de vacacións. Este material (que se elaborará determinando aqueles aspectos que o alumno non consegue facer, os contidos que hai que traballar e a metodoloxía que hai que utilizar) deberao presentar rematado á volta do período vacacional. Durante a clase poderán resolverse as súas dúbidas mentres o resto de compañeiros prepara outra actividade. O tipo de traballo que se preparará obedecerá a unha ampla gama de exercicios e actividades, estruturada da seguinte forma:

- Exercicios previos para comprender mellor a materia.
- Exercicios prácticos variados para desenvolver os contidos necesarios.
- Exercicios de repaso daqueles coñecementos menos adquiridos.
- No caso da materia de Latín, repaso de traducións realizadas para aprender a mecánica da interpretación de textos. Do mesmo modo, a aqueles alumnos que amosen un especial interese procurarase entregarlles material (todo tipo de recursos materiais e recurso en rede) para ofrecerlles a posibilidade de profundar en aspectos concretos do programa de contidos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN E AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO CON ATENCIÓN DOMICILIARIA POR RAZÓN MÉDICAS

O alumnado que, por razóns médicas xustificadas, non acuda ao centro de forma regular poderá seguir o transcurso da materia pola aula virtual onde poderá tanto atopar todos os contidos desenvolvidos na aula como poñerse en comunicación coa profesora para preguntar as dúbidas e entregar as tarefas propostas.

A avaliación deste alumnado realizarase preferentemente de forma presencial, facilitándoselle a posibilidade de facer as probas escritas en horario de tarde.

En caso de que, por prescrición médica, o alumno/a non poida acudir ao centro nas datas marcadas, a avaliación será realizada de forma oral por vía telemática (Webex).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - COMPRENSIÓN LECTORA	X	X			
ET.2 - CONTRIBUCIÓN AO EMPRENDIMENTO	X	X			
ET.3 - CONTRIBUCIÓN Á EDUCACIÓN CÍVICA E CONSTITUCIONAL	X	X			
ET.4 - CONTRIBUCIÓN PARA A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA, VIOLENCIA DE XÉNERO, VIOLENCIA CONTRA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, VIOLENCIA TERRORISTA, RACISMO, XENOFOBIA	X	X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.5 - EDUCACIÓN EN VALORES (convicencia, saúde, paz, igualdade de sexos, medio ambiente, etc)	X	X			
ET.6 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X	X			
ET.7 - CONTRIBUCIÓN ÁS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	X				

Observacións:

1- A materia de Latín, polo tratamento continuo da análise sintáctica, das concordancias, da sintaxe a nivel de oracións e da tradución, incide maioritariamente sobre a comprensión escrita. O alumnado ha de facer traducións coherentes, ben cohesionadas e con corrección lingüística. Isto ten que implicar á comprensión oral e por ende á comprensión lectora.

2- Tanto no traballo diario individual ou en grupo, como nos traballos de investigación propostos, o alumnado terá que asumir responsabilidades e dar conta delas, ser constante no traballo e superar as dificultades, dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa, coordinar o traballo de grupo e os tempos, contaxiar entusiasmo, priorizar a consecución de obxectivos grupais sobre os intereses persoais, encontrar posibilidades que outros non ven, optimizar recursos, asumir riscos no desenrolo das tarefas, etc. Todo este cúmulo de virtudes son as que se lles pide a unha persoa emprendedora; pois nas clases de latín pode empezar a sela

3- Dado que tratamos con grupos pouco numerosos, é doado lograr na aula un ambiente de respecto aos compañeiros, convivencia adecuada, compañeirismo, educación cívica. Logrado este obxectivo, tamén é fácil respectar outras crenzas, razas e maneiras de pensar, tal como se reflicte na Constitución española. Os textos que se traducen tamén poden aportar modelos de comportamento cívico dos protagonistas dentro da sociedade na que vivían.

4- Cando tratemos os temas da sociedade romana a través dos textos literarios dos diferentes autores e xéneros poderemos traballar este elemento transversal, sobre todo na unidade 2 e 3 onde estudaremos textos máis relacionados tanto co ámbito feminino na antigüidade (poesía épica e lírica) como cos conceptos de escravitude e tratamento da poboación estranxeira (teatro). A prevención e rexeitamento de calquera tipo de violencia en calquera das súas manifestacións, especialmente nos tempos que vivimos onde o acoso escolar está tan presente, deben ser tidas en conta como normas que rexen as relacións sociais, non só fora da aula senón tamén dentro, como espazo de convivencia que é.

5- A materia Latín é susceptible de incorporar á súa programación practicamente tódolos temas transversais. Témolos vantaxe de que coñecemos a historia total do pobo romano, dende o seu inicio ata o seu final; polo tanto, o alumno comprenderá o final do curso o positivo e mailo negativo, e sacará conclusións do que na nosa vida é ben facer, ou non está ben que se faga.

6- As tecnoloxías da información e da comunicación ofrecen novas e atractivas perspectivas no estudo da lingua e cultura latina que convén aproveitar, como o uso de metodoloxías interactivas no estudo da lingua, procura de textos, imaxes e vídeos na internet, ferramentas de presentación e comunicación de resultados, utilización de dicionarios en liña e aplicacións para móbil, etc. Neste senso, facilitarémolle ao alumnado os medios precisos para que poida traballar no ordenador. Ao comezo do curso recompilamos información do alumnado sobre o uso das TIC e a dispoñibilidade de dispositivos e a totalidade conta con internet no seu domicilio, ordenador e smartphone.

7- Dado que todas as aulas onde se imparte esta materia dispoñen de proxector conectado a un ordenador, en algunha sesión utilizaremos Internet para ver traballos explicacións ou exercicios para un determinado tema.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
FESTIVAL DE TEATRO GRECOLATINO	Asistencia ás xornadas de teatro Grecolatino na cidade de Lugo programadas para marzo de 2024		X	
OLIMPIADA GALEGA DE TRADUCIÓN DE TEXTOS CLÁSICOS	Participación nas probas de tradución de textos clásicos celebrados na facultade de Filoloxía da USC (Santiago de Compostela)		X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporalización das Unidades didácticas / temas / proxectos
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
Metodoloxía empregada
Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todos os niveis.
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos
Outros
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas

Descrición:

Os indicadores de logros son una serie de cuestións que nos axudan a reflexionar sobre a nosa actuación cos alumnos/as e sobre os aspectos recollidos na programación (sobre os materiais, motivación do alumnado, cualificacións, uso das TIC, actividades, traballo das competencias...) Os instrumentos para recoller os datos poden ser: enquisas, cuestionarios, diario de aula... Nos primeiros meses de curso, e despois das primeiras probas orais ou escritas, irase vendo o cumprimento ou non dos obxectivos, contidos e secuenciación dos mesmos. Se os resultados non son os esperados, procede modificar a programación. Esta modificación afectará principalmente a temporización, pois haberá que ralentizar o ritmo de traballo e tratar de conseguir os mínimos esixibles en máis tempo. Isto é fundamental no primeiro curso, xa que sen os coñecementos básicos de morfoloxía nunca poderían pasar ao curso seguinte. Tódalas modificacións feitas quedarán reflectidas na memoria final, así como as propostas para o vindeiro curso no caso de que proceda introducir algún cambio na programación. A programación debe someterse a un proceso de avaliación continua. En función dos resultados hanse realizar os cambios axeitados, por escrito e coas debidas xustificacións que indiquen o motivo desas modificacións.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta podería tratar o cumprimento ou non de índices como os seguintes:

- Temporalización das unidades didácticas

Manexo dos contidos da unidade

R e a l i z a c i ó n d e t a r e f a s

C l a r i d a d e a v a l i a c i ó n

E s t r a t e x i a s m e t o d o l ó x i c a s s e l e c c i o n a d a s

Estándares de aprendizaxe seleccionados

Atención á diversidade.

De non cumprirse algún deles sería motivo de revisión.

9. Outros apartados